



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Xaneiro 2021

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xaneiro 2021

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 7,2% en Galicia en xaneiro de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 10,9%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 3,4% mentres que no Resto de produtos caen un 11,1%.
- As vendas minoristas diminúen en todas as comunidades autónomas no mes de xaneiro.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes diminúe un 7,1% en Galicia no mes de xaneiro de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España descende un 10,5%.
- O índice xeral de ocupación diminúe o 2,3% en Galicia e o 3,3% no conxunto do Estado.
- A ocupación diminúe en todas as comunidades autónomas no mes de xaneiro.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xaneiro 2021

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	Xeral	101,4	-7,2	-7,2
-5,7	Xeral sen estacións de servizo	103,9	-5,7	-5,7
1,3	Alimentación	96,4	3,4	3,4
-7,0	Resto	110,1	-11,1	-11,1

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes


O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 7,2% en Galicia en xaneiro de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 10,9%.

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 5,7% respecto a xaneiro de 2020 en Galicia mentres que diminúe un 10,5% en España. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa as súas vendas un 3,4% en Galicia e un 0,3% no conxunto de España.
- O Resto de produtos rexistra unha caída do 11,1% en Galicia e do 17,6% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -4,5%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas diminúen en todas as comunidades autónomas. Os maiores descensos rexístranse en Canarias (-18,5%) e Extremadura (-16,9%), mentres que os menores, en Cantabria (-6,7%) e Madrid (-6,9%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xaneiro 2021

Taxas de variación en %



3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes diminúe un 7,1% en Galicia no mes de xaneiro de 2021, e un 10,5% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo baixa un 4,1% en Galicia e un 8,9% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 5,2% e no Resto de produtos diminúen un 10,0%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación aumentan un 1,9% mentres que diminúen no Resto de produtos un 16,1%.

Índices de comercio polo miúdo. Xaneiro 2021				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	Xeral	103,7	-7,1	-7,1
-4,1	Xeral sen estacións de servizo	106,8	-4,1	-4,1
2,0	Alimentación	104,4	5,2	5,2
-6,1	Resto	108,2	-10,0	-10,0

4. Índice de ocupación


O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do -2,3% no mes de xaneiro en Galicia e do -3,3% no conxunto do Estado.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista diminúe en xaneiro en todas as comunidades autónomas. O maior descenso rexístrase en Canarias (-8,3%) e a menor baixada na Comunitat Valenciana (-1,1%).

Índice xeral de ocupación. Xaneiro 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xaneiro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	103,7	-7,1	-7,1	101,4	-7,2	-7,2
Xeral sen estacións de servizo	106,8	-4,1	-4,1	103,9	-5,7	-5,7
Alimentación	104,4	5,2	5,2	96,4	3,4	3,4
Resto	108,2	-10,0	-10,0	110,1	-11,1	-11,1
España						
Xeral	100,6	-10,5	-10,5	97,9	-10,9	-10,9
Xeral sen estacións de servizo	102,4	-8,9	-8,9	99,5	-10,5	-10,5
Alimentación	106,5	1,9	1,9	98,3	0,3	0,3
Resto	99,3	-16,1	-16,1	100,8	-17,6	-17,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xaneiro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	107,1	-3,8	-3,8	102,8	-4,5	-4,5
Xeral sen estacións de servizo	109,0	-1,2	-1,2	103,8	-2,9	-2,9
Alimentación	113,8	6,8	6,8	105,3	5,1	5,1
Resto	104,8	-6,6	-6,6	106,0	-7,3	-7,3
España						
Xeral	101,9	-8,9	-8,9	98,3	-9,5	-9,5
Xeral sen estacións de servizo	103,2	-7,3	-7,3	99,4	-9,0	-9,0
Alimentación	115,7	4,0	4,0	106,7	2,1	2,1
Resto	94,0	-14,6	-14,6	94,1	-16,0	-16,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xaneiro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	100,6	-10,5	-10,5	97,9	-10,9	-10,9
Andalucía	98,2	-12,4	-12,4	96,1	-12,9	-12,9
Aragón	97,9	-10,6	-10,6	95,8	-11,0	-11,0
Asturias	99,9	-8,7	-8,7	98,3	-8,8	-8,8
Baleares, Illes	82,4	-14,3	-14,3	80,2	-14,9	-14,9
Canarias	98,8	-18,5	-18,5	96,3	-18,5	-18,5
Cantabria	98,9	-6,0	-6,0	95,5	-6,7	-6,7
Castilla y León	93,8	-12,3	-12,3	90,9	-12,6	-12,6
Castilla-La Mancha	101,5	-10,2	-10,2	98,9	-10,1	-10,1
Cataluña	92,6	-12,3	-12,3	89,0	-12,7	-12,7
Comunitat Valenciana	100,0	-8,5	-8,5	98,2	-9,0	-9,0
Extremadura	85,8	-16,3	-16,3	84,1	-16,9	-16,9
GALICIA	103,7	-7,1	-7,1	101,4	-7,2	-7,2
Madrid	119,1	-6,6	-6,6	115,8	-6,9	-6,9
Murcia, Región de	100,6	-10,9	-10,9	98,8	-11,2	-11,2
Navarra	100,6	-7,7	-7,7	97,7	-7,7	-7,7
País Vasco	105,3	-7,3	-7,3	101,8	-7,9	-7,9
Rioja, La	102,2	-9,0	-9,0	99,8	-9,0	-9,0
Ceuta	87,3	-17,7	-17,7	85,7	-18,7	-18,7
Melilla	85,1	-24,6	-24,6	83,4	-25,8	-25,8

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xaneiro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	100,8	-2,3	-2,3
Xeral sen estacións de servizo	100,5	-2,3	-2,3
España			
Xeral	101,0	-3,3	-3,3
Xeral sen estacións de servizo	101,0	-3,3	-3,3

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Xaneiro 2021

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	101,0	-3,3	-3,3
Andalucía	98,0	-3,9	-3,9
Aragón	102,3	-2,0	-2,0
Asturias	102,3	-2,5	-2,5
Balears, Illes	99,0	-5,5	-5,5
Canarias	100,8	-8,3	-8,3
Cantabria	99,0	-2,4	-2,4
Castilla y León	101,9	-1,6	-1,6
Castilla-La Mancha	100,6	-1,6	-1,6
Cataluña	99,6	-3,9	-3,9
Comunitat Valenciana	106,4	-1,1	-1,1
Extremadura	100,2	-2,0	-2,0
GALICIA	100,8	-2,3	-2,3
Madrid	102,1	-3,7	-3,7
Murcia	101,7	-2,4	-2,4
Navarra	101,3	-3,2	-3,2
País Vasco	101,6	-1,8	-1,8
Rioja, La	102,5	-3,5	-3,5
Ceuta	100,0	-3,1	-3,1
Melilla	99,5	-4,5	-4,5

Fonte: INE